

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CONCELLO DE BOIMORTO PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE REFORMA E MELLORA DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DA RESIDENCIA E DO CENTRO DE DÍA DE BOIMORTO, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU

Primeiro.- Competencia

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o establecido no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

No marco destas competencias, considérase necesario promover actuacións dirixidas á mellora da calidade da atención prestada nos centros residenciais de persoas maiores. Esta mellora require contar con equipamentos e medios materiais axeitados, seguros e adaptados ás necesidades actuais das persoas usuarias, especialmente cando se trata de persoas en situación de dependencia ou con necesidades de apoio para a mobilidade, o aseo, o transporte, o confort e as actividades básicas da vida diaria.

Segundo.- Identificación da entidade beneficiaria

O Concello de Boimorto é unha entidade local galega que desenvolve competencias propias en materia de servizos sociais, nos termos previstos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Así mesmo, figura inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E0628, de conformidade co previsto no artigo 66 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.



A Residencia de Maiores e o Centro de Día de Boimorto constitúen recursos municipais destinados á atención de persoas maiores e persoas en situación de dependencia. Estes centros prestan atención a persoas que, pola súa situación física, cognitiva ou social, poden precisar apoio nas actividades ordinarias da vida diaria e unhas condicións materiais axeitadas de seguridade, accesibilidade, confort e calidade asistencial.

Terceiro.- Necesidade das actuacións

A atención diaria nun centro residencial e nun centro de día require contar con instalacións axeitadas e en bo estado, especialmente nos espazos vinculados aos coidados persoais, á mobilidade e á atención inmediata das persoas usuarias.

A documentación técnica presentada polo Concello de Boimorto identifica diversas necesidades na Residencia de Maiores e no Centro de Día. Entre elas, figuran a necesidade de reforma de baños e zonas húmidas, a mellora das instalacións interiores de fontanería, saneamento, electricidade e iluminación, a renovación de acabados e elementos de apoio, a incorporación de equipamento asistencial para facilitar a mobilización das persoas usuarias e a mellora do sistema de chamadas, avisos, alarmas e comunicación interna do centro.

Cuarto.- Actuacións a financiar

A actuación obxecto do convenio consiste na execución de obras, instalacións, subministracións e servizos necesarios para a reforma e mellora das instalacións e equipamentos da Residencia e do Centro de Día de Boimorto, de acordo co detalle recollido no anexo I do convenio.

As actuacións previstas comprenden, por unha banda, obras e instalacións vinculadas á reforma e mellora funcional dos baños, zonas húmidas e espazos de coidado, incluíndo traballos de demolición, substitución de pavimentos, revestimentos, falsos teitos, carpintaría, pintura, fontanería, saneamento, electricidade, iluminación, aparellos sanitarios, mamparas, griferías e elementos de apoio.

Por outra banda, inclúese a dotación de equipamento asistencial mediante a subministración dun guindastre eléctrico de bipedestación, destinado a facilitar as transferencias, mobilizacións e coidados diarios das persoas usuarias, reducindo riscos tanto para as persoas residentes como para o persoal do centro.



Así mesmo, inclúese a mellora do sistema de comunicación interna e avisos da residencia mediante a subministración, instalación, configuración e posta en servizo do sistema Conecta Residencia, orientado á xestión de chamadas, avisos, alarmas e comunicación interna.

As obras, instalacións, subministracións, servizos e equipamentos financiados deberán destinarse exclusivamente á Residencia e ao Centro de Día de Boimorto e quedar afectos á finalidade subvencionada durante o período que resulte exixible conforme á Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinto.- Finalidade da subvención

A finalidade da subvención é mellorar as condicións de accesibilidade, seguridade, salubridade e habitabilidade da Residencia e do Centro de Día de Boimorto , así como reforzar a calidade da atención prestada ás persoas maiores usuarias do recurso.

Sexto.- Interese público e social

O interese público e social da actuación vén dado pola finalidade das obras, instalacións, subministracións e equipamentos previstos, dirixidos a mellorar a Residencia de Maiores e o Centro de Día de Boimorto. Trátase de recursos municipais nos que se atende a persoas maiores e persoas en situación de dependencia, algunhas delas con necesidades de apoio no seu día a día. Ademais, a existencia de prazas públicas constitúe o criterio obxectivo que determina o interese público da intervención e a súa vinculación co sistema público de servizos sociais.

Sétimo.- Singularidade da actuación e xustificación da concesión directa

A concesión directa da subvención xustifícase pola concorrencia de razóns de interese público e social que dificultan a promoción dun procedemento de concorrencia pública, nos termos previstos nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A actuación obxecto deste convenio non pretende configurar unha liña xeral de axudas para actuacións en centros de titularidade municipal, nin seleccionar entre distintas propostas alternativas. O que se persegue é dar resposta a unha necesidade concreta da Residencia e do Centro de Día de Boimorto, previamente identificada e xustificada polo Concello mediante a correspondente documentación técnica.



Por iso, a concorrência competitiva non resulta o instrumento máis axeitado neste caso, xa que o financiamento se dirixe a unha actuación singular, delimitada técnica e economicamente, sobre un recurso residencial público municipal determinado, co obxectivo de mellorar a seguridade, a accesibilidade, a habitabilidade e o benestar das persoas maiores usuarias.

Décimo.- Encaixe no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

O proxecto que se financia mediante este convenio inscríbese no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, de conformidade co Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, coa Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e coa Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que deben proporcionar as entidades do sector público para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e da execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do dito plan.

A actuación obxecto deste convenio intégrase no compoñente 22, investimento C22.I1, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, no marco do Proxecto nº 1 da Comunidade Autónoma de Galicia, “Transformación da rede de coidados de longa duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos” e contribúe ao cumprimento do obxectivo CID 323, relativo á renovación ou construción de centros residenciais, non residenciais e de día para a adaptación das prazas ao novo modelo de coidados de longa duración.

Décimo primeiro.- Financiamento

O importe íntegro da actuación ascende a noventa e nove mil novecentos noventa e nove euros con noventa e nove céntimos, 99.999,99 €, que será financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade con cargo á aplicación orzamentaria 08.05.312E.760.0, código de proxecto 2025 00162, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

A achega realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 08.05.312E.760.0, código de proxecto 2025 00162, na que existe crédito axeitado e suficiente para esta finalidade.



A subvención limitárase ao financiamento dos gastos correspondentes ás obras, instalacións, subministracións e servizos previstos no convenio e no seu anexo. En ningún caso poderá supoñer beneficio económico para o Concello de Boimorto nin superar o custo da actuación subvencionada.

Por todo o exposto, considérase xustificada a formalización do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Concello de Boimorto, para canalizar unha subvención directa destinada á execución do proxecto de reforma e mellora das instalacións e equipamentos da Residencia e do Centro de Día de Boimorto, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria

Antonio Acevedo Prado

